

MUMI

Músicas no Minho

IV ENCONTRO PROFESIONAL DE
MÚSICA GALIZA_PORTUGAL

Eurocidade Tui_Valença

21 ao **24** | **2023**
setembro

www.mumimusicas.eu



showcases

GZ

Anxo Araújo

Antía Muíño

Mondra

Xurxo Fernandes

Diego Alonso 5tet

Moura

Lontreira

Habelas Hainas

PT

Maze

Virgem Suta

Expresso Transatlântico

Retimbrar

María Monda

Aníbal Zola

Fira Mediterrània de Manresa

Alba Careta & Henrio





Anxo Araújo

Anxo Araújo presenta *Plan de urbanismo para un novo couto mixto*, un disco que se xestou durante o 2020 no seu estudio e que culminou coa gravación de dez fermosas cancións que inspiran momentos de cambio, de auto afirmación e de reflexión sobre a relativa importancia das cousas. Música feliz para tempos de crise ou, en palabras do propio Anxo: «Saír dos buratos máis profundos con confianza e ilusión. Mirar cara a cara ao mundo. Unha absoluta liberación». O músico firma un proxecto de banda coa presenza dos ventos como sinal de identidade. Anxo Araújo foi finalista dos Premios Martín Códax da música galega en 2022, ano no que formou parte do cartel de citas como o festival Surfing the Lérez, os Atardeceres no Gaiás ou o ciclo Xullo Pop do Teatro Colón da Coruña. A crítica definiu o seu disco como 'un traballo na órbita dos imprescindibles do pop galego'.





Antía Muíño

Con apenas un par de singles publicados converteuse nunha das revelacións da nova canción galega. O seu rexistro móvese entre o jazz-pop, a canción alternativa de autor e a música tradicional galega. A súa proposta é como unha sorte de médium entre Norah Jones, Silvia Pérez Cruz, Tracy Chapman, María Arnal, Diana Krall e Luz Casal. Sen sequera ter disco publicado actuou en festivais como o Jazzaldia, o Jazz ao Norte de Ferrol, o Sound Isidro ou o Festival Maré, entre moitos outros. Colaborou e continúa colaborando con artistas da talla de Xabier Díaz, Baiuca, Carlos Núñez ou Néboa. En outubro de 2022 foi galardoada nos Premios Martín Códax, os máis importantes da música galega, como Mellor Artista Emerxente. Acaba de publicar *Carta Aberta*, o seu álbum debut, co que xirará por todo o país durante 2023 tras ser seleccionada como unha das artistas de AIE. Foi elixida embaixadora de Spotify España durante o pasado mes de decembro na súa playlist EQUAL, que presidiu despois de acumular máis dun millón de reproducións e grazas a esta campaña a súa imaxe presidiu as pantallas xigantes de Times Square, no corazón de Nova Iorque.





Diego Alonso 5tet

Diego Alonso 5tet "Nihil" é un proxecto de jazz liderado polo saxofonista e compositor vigués, con Pablo Patiño ao contrabaixo, Antón Quintela á batería e os consolidados Xan Campos ao piano e Virxilio da Silva á guitarra, ambos referentes nas escenas do jazz galega e internacional. As composicións deste quinteto plantexan diversas abordaxes rítmicas, tímbricas, texturais e estilísticas, que fomentan a voz individual de cada un dos membros, a interacción e a improvisación mesturada con pasaxes escritas e arranxadas para quinteto. O repertorio de Nihil tenta achegar unha reflexión sobre a sociedade actual, o nihilismo, a contraposición existencial entre a acción individual e a colectiva e a supervivencia do humanismo nunha modernidade líquida. As propias estruturas dos temas e os compases de amalgama utilizados en moitas das composicións, fan ao ouvinte fuxir do plano máis tradicional do jazz e engádenlle matices de sorpresa ao desenvolvemento das composicións. Este proxecto estreouse na Casa das Artes de Famalicão (Portugal), dentro do ciclo Jazz na Caixa cunha magnífica acollida por parte do numeroso público asistente.





Habelas Hainas / Pasarrúas

En Habelas Hainas crúzanse os camiños de catro músicas de raíz galegas, que sinten a natural necesidade de expresarse dende unha ollada feminista e social, experimentando coa tradición, explorando outras músicas, e creando un son propio, fresco e orixinal, que se traduce en concertos enérxicos e reivindicativos. Na súa intensa traxectoria como músicas ao vivo, figuran xa máis de 300 concertos e citas como o festival de Pardiñas, o Interceltique de Lorient, o Bagpipe International Conference (Londres), o Festival Intercéltico do Morrazo, Poesía do Condado, o Encuentro Otoñal de Artes (Extremadura) ou o Codfish Festival (Noruega). Ademais do seu traballo *Livres e Loucas* (2017), teñen colaborado con artistas como Uxía (*Rosalía Pequeniña*, 2013), e participado en traballos colectivos (*Irmandiñas. Músicas en pé de festa*, con Sacha na Horta/O'ima/The Teta's Van, 2017).





Lontreira

Adriana Cores, Héctor Rodríguez (Rotce) e Iván Barral unen o seu talento musical en Lontreira, unha banda con letras en galego, con raíces na Illa de Arousa e con Vigo como berce da súa formación que aparece no verán de 2022 e non deixa de dar pasos de xigante na industria musical galega. Foron a banda gañadora da “Canción do Verán 2022” en Galicia co tema *Corazón de toxo* e o seu disco “Apnea” logrou ser finalista na categoría de banda emerxente nos premios Martín Códax da Música 2023. *Apnea* é o primeiro traballo da banda no que se intercalan poemas e cancións que narran singladuras da vida a través das conexións especiais cos espazos naturais que os rodean. Presumen de cargar cada directo con novidades e postas en escena que pouca xente agarda ver, reiventándose en cada concerto e camiñando cara un son cada vez máis electrónico e eurovisivo.





Mondra

É artista, cantareiro, bailador e docente no eido da música tradicional galega. Como artista en solitario en 2022 lanzou a súa carreira e o seu primeiro tema, *Aghrúuu* que conta con máis de 12.500 reproducións entre o Youtube e o Spotify. Na actualidade está a producir o seu primeiro álbum de estudio, nun proxecto multidisciplinar que integra música, moda, danza e audiovisual, e que incluírá 12 temas orixinais a cabalo entre a música tradicional e a electrónica. Este traballo conta coa participación de produtores como Berto, Juait, Peter Petrowski, Juanjo Abella ou Lucas Decenti; e coa colaboración de grandes artistas galegas como Fillas de Cassandra, Guadi Galego ou Rabelo. A obra aborda temáticas relevantes como a sexualidade, a violencia, a saúde mental, o benestar emocional, a defensa da cultura propia ou o empoderamento da mocidade.





Moura

Despois de dous anos do lanzamento do seu debut homónimo e do sinxelo *Muiñeira da Maruxaina* en 2021, os galegos Moura voltan co seu agardado segundo traballo de estudio, *Axexan, espreitan* (2022, Spinda Records), no que profundizan aínda máis na tradición galega, tanto a nivel lírico coma instrumental, acadando o recoñecemento da crítica estatal e internacional. Temas a medio camiño entre a neo-psicodelia, o rock progresivo, o kraut-rock e o folklora galego fan de Moura unha das bandas de rock máis interesantes do panorama estatal e como proba disto está o seu paso por citas de primeiro nivel coma Resurrection Fest, Monkey Week, Sound Isidro, Festival de La Luz, Sonic Blast, Festival Noroeste ou Los Conciertos de Radio 3, entre outras. Ao vivo, *Axexan, espreitan* consegue embriagar co seu aquelarre sonoro, na procura do trazo colectivo, empregando a lingua galega como voz ritual e evocando unha terra verde nos confíns de Europa, onde remata o mapa e comenza o mar. A banda formada por Diego Veiga, Hugo Santeiro, Fernando Vilaboy, Brais Villar, Pedro Aguado e Belém Tajés foi recoñecida como mellor banda de rock na última edición dos Premios Martín Códax.





Xurxo Fernández

Xurxo Fernández é unha das voces máis singulares do panorama galego actual, capaz de innovar desde o tradicional grazas ao seu amplo coñecemento da tradición popular colectiva. Despois de participar en proxectos como Radio Cos, co que percorreu escenarios de todo o mundo e representou a España no prestixioso festival de músicas de raíz WOMEX en 2016, presenta agora o álbum *Levaino!* con doce temas recolleitos polo propio artista en territorios tan diversos como Coristanco, Samakov, A Mezquita, Salihli, Tordoia, Larache ou Tel Aviv. Unha ducia de paisaxes sonoras pouco coñecidas, que comezan no Mediterráneo oriental e que acaban en Galicia, unha visión única sobre as músicas de raíz e de creación colectiva, na que os sons máis arcaicos dunha Galicia primitiva mestúranse co exotismo de Oriente. No directo, Xurxo acompáñase de prestixiosos músicos da escena galega nunha potente posta en escena que reforzan as Pandeireteiras Sen Fronteiros (PAN.SEN.FRÓN, Premio Martín Códax 2021), e que ten como resultado un espectáculo cheo de enerxía, concibido para bailar mesmo desde a cadeira e que tamén convida a non esquecer de onde vimos.





Aníbal Zola

Aníbal Zola é um cantautor e contrabaixista que vem de apresentar em Abril de 2023 no Auditório CCOP do Porto “Quem sai aos Seus, Segunda Geração” uma reedição do álbum homónimo lançado em 2022, que conta com convidados como a dupla Fado Bicha e que foi totalmente composto durante os tempos estranhos que todos vivemos, com músicas repletas de positividade que são uma espécie de antídoto para os grandes problemas do mundo. A música de Aníbal Zola viaja por diversas sonoridades, seja o Samba ou a Bossa Nova do Brasil, o Tango ou a Chacarera da Argentina ou o Bolero Cubano, sem nunca esquecer o Jazz, que é o seu ponto de partida e a sua formação académica. Estas influências musicais presentes na sua obra são envolvidas pela voz de Aníbal Zola que tanto nos remete para a doçura da Bossa Nova como para uma entrega mais emocional característica do Fado. Neste disco, participam também Romain Valentino e André Mariano nos arranjos, soando mais a um álbum de banda, um power trio. Atualmente, Aníbal Zola encontra-se em tour de apresentação de “Quem sai aos Seus, Segunda Geração”. Em paralelo, o artista encontra-se a preparar um novo projeto que será lançado em 2024.





Expresso Transatlântico

2021 viu nascer um dos projectos mais interessantes do actual panorama musical: o Expresso Transatlântico, uma banda lisboeta que junta Gaspar Varela na guitarra portuguesa, Sebastião Varela na guitarra eléctrica e Rafael Matos na bateria. O lançamento do seu EP de estreia homónimo no final do ano passado tem recebido os maiores elogios do público nacional e internacional. Foi entre Lisboa e os Estados Unidos da América que começaram a nascer as primeiras ideias do grupo. Gaspar Varela estava em tour com Madonna, enquanto os seus dois companheiros lhe enviavam as primeiras «malhas» nessa viagem transatlântica. Com uma sonoridade influenciada por ritmos da música popular portuguesa, brasileira e africana, o trabalho de estreia destes jovens músicos revela-nos, ao longo de seis canções, a banda sonora de uma Lisboa com vista para o mundo. A internacionalização do trio começou na Opening Ceremony da WOMEX 2022 e este será o ano da chegada do álbum de estreia do Expresso Transatlântico.





María Monda

Sofia Adriana Portugal, Susana Quaresma e Tânia Cardoso partilham o gosto pela pesquisa vocal, sonora e cénica. Estas são as três mulheres que mondam canções e saberes antigos de forma contemporânea, através do canto polifónico e dos ritmos da percussão. Cantam repertório do cancionero lusófono, mas também composições originais que acentuam a força da palavra e da poesia. Mondar é limpar, arrancar as ervas daninhas, deixando o essencial para que tudo floresça, e para as Maria Monda a essência está no tecer das vozes, ora em sedas suaves, ora em mantas rudes, cantando em homenagem à Terra-Mãe, de nome Maria.

O seu disco de estreia *María Monda* (2020) apresenta percursos musicais tão distintos como a música erudita, o teatro musical ou a música de raiz popular, desde a exploração tímbrica das suas vozes – individualmente e em conjunto – à percussão corporal e vocal, as Maria Monda recriam, neste trabalho, temas de autores como Amélia Muge, José Afonso, Milton Nascimento e Chico Buarque, assim como temas originais da autoria de Rodrigo Crespo ou José Manuel David, inspirados pela poesia de Fernando Pessoa e Almada Negreiros, passando também pelos poetas e compositores anónimos da nossa música tradicional, numa intensidade sonora que só a singularidade partilhada das vozes permite.





Maze

André Neves, mais conhecido como Maze no âmago da cultura Hip Hop, desde os anos 90 que escolhe como arma de intervenção a palavra. Começou por se evidenciar pelas mensagens que pintava para colorir o cinzento da Invicta e pelas criações gráficas que desenhava para, mais tarde, se dedicar à escrita e à transposição para o papel e sob a forma de versos daquilo que não podia expressar de outra forma. Multidimensional, como gosta de se intitular, durante mais de duas décadas, tem desenvolvido de forma exemplar o papel de ativista, agitador e divulgador cultural, artista visual, poeta urbano e educador. Em 1996 embarcou na missão Dealmática juntamente com Mundo Segundo, Fuse, Expeão e DJ Guze, conhecendo o país de lés-a-lés e as pessoas que o compõem, pisando todos os palcos, dos mais modestos aos mais gigantescos. Trabalhou com amigos, companheiros e algumas lendas vivas de renome mundial que desde sempre o inspiraram, figurando em diversas mixtapes e discos em parceria como “Simbiose” ou o Volume I de Sub-Urbe. A solo, Maze editou em formato digital o EP “Homem em Missão”, o primeira longa duração intitulado “Entranhas”, e também um dos maiores clássicos do rap nacional português, o tema “Brilhantes Diamantes”.





Retimbrar

RETIMBRAR é um vibrante movimento nortuense, atualmente, orquestrado por 8 músicos e músicas que procuram pensar e criar a partir das tradições musicais portuguesas. As suas composições, que chamam de 'TugaBeat', estão enraizadas na diversidade do folclore nacional, na poesia popular e na oralidade, que estão na origem de canções como *Pastor à Paisana ou Coisas da Minha Terra*. Partem do ritmo para dar voz e corda às palavras e falam de um quotidiano transformado com a identidade de quem gravita entre a ruralidade e o passo viajado de outras geografias. Retimbrar foi selecionado para o espectáculo de abertura do Womex 2021 e em 2022, seis anos depois da estreia de *Voa Pé*, apresentaram *Levantar do Chão*, um disco onde mostram um percurso de colaborações, vivido ao longo de dez anos entre oficinas e projetos com coletividades musicais como Ranchos Floclóricos e grupos de Zés-Pereiras, do qual faz parte "Maçazinha" feat Úxia, distinguido pela aRi[t]mar Galiza e Portugal como Melhor Canção Portuguesa de 2022. Este novo trabalho despertou a atenção do Instituto de Etnomusicologia da Universidade de Aveiro e deu origem a um podcast e um documentário (a sair este ano), onde vão dar a conhecer o percurso até *Levantar do Chão*, a energia que os move, ao vivo e nos bastidores e a comunhão com as pessoas.





Virgem Suta

Os Virgem Suta são uma das bandas que melhor representa a nova geração da música moderna portuguesa. Transpiram portugalidade e assumem-nos nos instrumentos que usam e nas irónicas histórias que nos cantam nas suas canções. Conhecidos pelo humor apurado e boa disposição, são autores de algumas das canções mais irresistíveis da música portuguesa. De forma engenhosa, os seus temas criam imagens tão cativantes que facilmente nos vemos absorvidos naquele imaginário particular. Ao vivo as canções ganham uma intensidade que varia entre a energia contagiante e a tranquilidade comovente, criando na audiência o desejo de que o concerto não acabe. Assumem-se como verdadeiros anfitriões de uma grande festa, procurando que cada actuação seja um encontro animado de amigos. Se temas como “Regra Geral” e “Linhas Cruzadas”, que continuam a integrar playlists das rádios nacionais, são obrigatórios em cada concerto, a verdadeira apoteose surge nos primeiros acordes de “Dança de Balcão”, “Tomo Conta Desta Tua Casa” ou “Vovó Joaquina”. Os Virgem Suta são Nuno Figueiredo e Jorge Benvinda e ao vivo todos os instrumentos lhes servem para fazer a festa.





Alba Careta & Henrio

A trompetista e cantante Alba Careta e cantautor e produtor Henrio presentan este proxecto ao redor dunha viaxe onírica por varias cancións de berce catalás recollidas no cancionero popular de “Càntut, cançons de tradició oral”, onde se recompilan máis de 1700 cancións e gravacións de cancións de tradición oral. Este proxecto nace da necesidade de recuperar as cancións utilizadas nos momentos máis tenros da crianza e que pasaron de xeración en xeración co obxectivo de acougar e durmir aos máis pequenos. O concerto contará con algunhas das cancións de berce máis coñecidas en Cataluña como ‘O noi da mare’ ou ‘Son son’, pero tamén nos descubrirá melodías e letras únicas que, sen o traballo incansable de recompilación de cancións do cancionero popular de Càntut, caerían no esquecemento.





MUMI
Músicas no Minho